



ACTA DE APERTURA, pola Mesa de Contratación, dos sobres Nº1 (PROPOSICIÓN ECONÓMICA) e Nº 3 (REFERENCIAS TÉCNICAS) das ofertas presentadas a licitación da subministración dos produtos químicos necesarios para o mantemento das augas das piscinas municipais dependentes do Consello Municipal de Deportes de Ourense.

Asistentes:

Presidente: Alfonso Vilachá Rodríguez, Presidente do CMD

Vogais: Xosé Somoza Medina, membro do Consello Reitor
José Manuel da-Cunha Babarro, Secretario do CMD
Gonzalo Alonso Álvarez, Interventor Municipal
Cándido Gómez Vázquez, Xerente do CMD

Secretaria: Pilar Carbajales Lage, Asesora xurídica do CMD, con voz pero sen voto

En Ourense ás 13:45 horas do día 10 de maio de 2013 reúnen os asistentes antes relacionados, quedando válidamente constituída a Mesa de Contratación do Consello Municipal de Deportes de Ourense, consonte dispón o art. 21.7 do RD 817/2009.

Asiste ao acto de apertura, Daniel Figueroa Sánchez, en representación de Lincolnd Ibérica, SL

Con carácter previo ponse en coñecemento dos asistentes a subsanación de erros, pola licitadora, da documentación administrativa, para o que fora requirida oportunamente, en cumprimento do acordo da Mesa de Contratación de data 2 de maio.

De conformidade co establecido na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas, procédese á apertura do sobre nº 1 PROPOSICIÓN ECONÓMICA, acordando a Mesa que esta é correcta e consonte os requisitos que constan no prego de cláusulas administrativas e prego de condicións técnicas.

PRODUCTO	GRADO DE CONCENTRACIÓN	PREZO UNITARIO
Hipoclitro sódico	>13% ata 15%	0,240 €/kg
Antialgas	>7% ata 9%	1,120 €/kg
Floculante	>17,5% ata 18%	1,120 €/kg
Corrector de PH	>38% ata 40%	1,000 €/kg



Sal mariña	>99% ata 99,4%	0,360 €/kg
------------	----------------	------------

Procédese á apertura do sobre nº 3 REFERENCIAS TÉCNICAS, comprobando, pola Mesa de contratación, que constan os elementos ofertados segundo se require no prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, acordando se remitan a técnico do Concello de Ourense que emita o correspondente informe de idoneidade.

E non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:00 horas do día indicado

PRESIDENTE:

Alfonso Vilachá Rodríguez

VOGAIS:

Xosé Somoza Medina

José Manuel da-Cunha Babarro

Gonzalo Alonso Álvarez

Cándido Gómez Vázquez

SECRETARIA:

Pilar Carbajales Lage